


# XELA ARIAS CASTAÑO



**CUESTIONARIO**

**LETRAS GALEGAS  
17 DE MAIO DE 2021**

*SeminarioGalán.org* 

 Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## XELA ARIAS CASTAÑO



O DÍA DAS LETRAS GALEGAS FOI INSTITUÍDO POLA REAL ACADEMIA GALEGA NO ANO 1963 PARA CONMEMORAR O CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DO LIBRO *CANTARES GALLEGOS* DE ROSALÍA DE CASTRO, O 17 DE MAIO DE 1863.



1. Quen instituíu o Día das Letras Galegas?

---

2. Que se conmemorou no ano 1963?

---

1

A REAL ACADEMIA GALEGA DEDÍCALLE O DÍA DAS LETRAS A XELA ARIAS CASTAÑO, UNHA DAS VOCES MÁIS DESTACADAS DA POESÍA GALEGA CONTEMPORÁNEA. FIXO TAMÉN UN IMPORTANTE LABOR COMO EDITORA E TRADUTORA XA QUE VERTEU AO GALEGO MOITOS CLÁSICOS DA LITERATURA UNIVERSAL.



3. Q quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

---

4. Que verteu como tradutora ao galego?

---



## 2

XELAARIAS NACEU O 4 DE MARZO DE 1962, E FOI INSCRITA NO REXISTRO CIVIL DE SARRIA (LUGO). ERA PRIMOXÉNITA DE AMPARO E VALENTÍN. PUXÉRONLLE O NOME DE MARÍA DE LOS ÁNGELES, POIS DAQUELA NON SE PERMITÍAN OS NOMES EN GALEGO, PERO TODOS LLE CHAMABAN XELA.



5. Que nome lle puxeron a Xela no Rexistro Civil de Sarria?

---

6. Como se chamaban seus pais?

---

## 3

A ETAPA DO PARVULARIO E 1º DE PRIMARIA PASOUNA XELA NO COLEXIO FINGOI DE LUGO, UN CENTRO DE ENSINO PRIVADO DO QUE FORA DIRECTOR RICARDO CARVALHO CALERO E CARACTERIZADO POLAS INNOVACIÓNS PEDAGÓXICAS.



7. En que centro educativo pasou Xela o parvulario e o 1º de primaria ?

---

8. Que escritor galego estivera de director no Colexio Fingoi?

---

# 4

EN 1969, SEU PAI, QUE ERA MESTRE, FOI TRASLADADO A VIGO. NESTA CIDADE XELA REMATARÁ OS ESTUDOS DE PRIMARIA NO COLEXIO DE SÁRDOMA-MOLEDO E OS DE BACHARELATO NO INSTITUTO CASTELAO.



9. Que profesión tiña o pai de Xela?

---

10. En que dous centros estudou Xela primaria e bacharelato?

---

# 5

EN 1973, CON 11 ANOS, GAÑOU O PRIMEIRO PREMIO DE CONTOS INFANTÍS DA ASOCIACIÓN CULTURAL CORUÑESA O FACHO. O CONTO TITULÁBASE «A FRAGA DOS PAXAROS VOADORES E A FRAGA LEOPARDICIA».



11. Cantos anos tiña cando gañou o Concurso de Contos Infantís O Facho?


---

12. Cal era o título do seu conto?

---

# 6

O CONTO «A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA» FOI PUBLICADO EN LA VOZ DE GALICIA, CON ILUSTRACIÓNS DE MANOLO E PAULO, FILLOS DE MANUEL CAAMAÑO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN CULTURAL O FACHO.



**A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA**

Hai xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xerxí e tiiven unha idea: ir viaxar e explorar o mundo.

Pois ben, comencei a facer as maletas recollendo todos os meus trebellos. Metín as maletas e blusas no ascensor e baixei. Abrín o coche, e a correr, ía a 200 por hora.

Ese coche meu é un «Leopardo a reacción» que inventaron uns científicos amigos meus. Que, por certo, me dixeron que puxera anuncios e dixera ás xentes que no seu laboratorio tiñen unha medicina que o que a tome durará millóns e millóns de anos. Este laboratorio está na rúa Saturno, número 20, piso 100.000...

O CONTO «A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA» FOI PUBLICADO EN LA VOZ DE GALICIA, CON ILUSTRACIÓNS DE MANOLO E PAULO, FILLOS DE MANUEL CAAMAÑO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN CULTURAL O FACHO.

LETRAS GALEGAS 2021

13. Onde vivía o protagonista do conto?

---

14. Que modelo de coche tiña?

---

# 7

AO REMATAR O BACHARELATO, COMO SE EXPRESABA MOI BEN EN GALEGO, COMEZOU A TRABALLAR EN EDICIÓNS XERAIS. NESTA EDITORIAL TRABALLOU NA SECCIÓN DE CREACIÓN E INVESTIGACIÓN. ADEMAIS FOI CORRECTORA DE ESTILO E EDITORA DE VARIAS COLECCIÓNS.



**XELA ARIAS CASTAÑO**

AO REMATAR O BACHARELATO COMEZOU A TRABALLAR EN EDICIÓNS XERAIS. PASA FALABA MOI BEN GALEGO. NA EDITORIAL, TRABALLOU NA SECCIÓN DE CREACIÓN E INVESTIGACIÓN. FOI CORRECTORA DE ESTILO E EDITORA DE VARIAS COLECCIÓNS.

LETRAS GALEGAS 2021

15. En que editorial comezou a traballar cando rematou o bacharelato?

---

16. Por que a contrataron en Edicións Xerais?

---


EN 1986 XERAIS PUBLICOU O CONTO O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ: UNHA HISTORIA DE AMOR, DO PORTUGUÉS JORGE AMADO, TRADUCIDO POR XELA ARIAS AO GALEGO.



17. Quen é o autor de *O Gato Gaiado e a Andoriña Señá: Unha Historia de Amor*?

18. Que dous animais son os protagonistas deste conto de Jorge Amado?

EN 1986 EDITORIAL JUVENTUD DE BARCELONA PUBLICA O LIBRO *CONTOS AO TELÉFONO*, DO ITALIANO GIANNI RODARI, QUE FOI TRADUCIDO POR XELA EN COLABORACIÓN CO SEU PAI VALENTÍN ARIAS.




19. Quen é o autor de *Contos ao teléfono*?

20. Con quen fixo Xela a tradución deste libro de contos ao galego?

# 10

FOI SEMPRE MOI ACTIVA NA DEFENSA DAS CAUSAS POPULARES. PARTICIPOU EN ACTOS CONTRA A ENTRADA DE ESPAÑA NA OTAN, MANIFESTOUSE CONTRA A MAREA NEGRA DO PRESTIGE, CONTRA A GUERRA DE IRAQ, A FAVOR DA NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO E DAS CAUSAS FEMINISTAS.



21. Cita tres actos reivindicativos nos que participara activamente Xela Arias?

---

---

---

# 11

EN 1989 EDICIÓNS XERAIS, NA SÚA COLECCIÓN XABARÍN, PUBLICA O CONTO AS BRUXAS, DO BRITÁNICO ROHALD DAHL, TRADUCIDO AO GALEGO POR XELA E LIDIA IGLESIAS IZQUIERDO.



22. De que nacionalidade era Rohald Dahl, o autor de *As bruxas*?

---

23. Como se chama o queixo noruego moreno de leite de cabra que se cita no conto?

---

# 12

EN 1990 XUNTANZA EDITORIAL DA CORUÑA PUBLICA O *ENXEÑOSO FIDALGO DON QUIXOTE DA MANCHA*, DE MIGUEL DE CERVANTES, TRADUCIDO AO GALEGO, XUNTO CON OUTROS, POR XELA.



24. Quen é o autor de *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha*?

---

25. Que editorial publicou este libro?

---

# 13

NO CURSO 91-92 COMEZA OS ESTUDOS DE FILOLOXÍA HISPÁNICA NA UNIVERSIDADE DE VIGO, O QUE LLE PERMITIRÁ, ANOS DESPOIS, EXERCER COMO PROFESORA EN DIFERENTES INSTITUTOS. O SEU PRIMEIRO DESTINO SERÁ NO IES TERRA DE XALLAS, EN SANTA COMBA (A CORUÑA).



26. Que estudou na universidade de Vigo?

---

27. Cal será o seu primeiro destino como profesora?

---



# 14

EN OUTUBRO DE 1994 NACE DARÍO, QUE SERÁ O ÚNICO FILLO DE XELA E DO FOTÓGRAFO XULIO XIL RODRÍGUEZ CO QUE CASARA EN XULLO DE 1992. A DARÍO DEDICARALLE O SEU LIBRO DE POEMAS *DARÍO A DIARIO*.



28. Cal é o nome do seu primeiro e único fillo?

---

29. E o título do libro de poemas dedicado a Darío?

---

# 15

O 20 DE XANEIRO DE 1995 CONSEGUE, POR DECISIÓN DO XULGADO DE 1º INSTANCIA DE SARRIA, O CAMBIO OFICIAL DO SEU NOME EN GALEGO, M<sup>a</sup> DOS ANXOS, POLO QUE REALMENTE ERA COÑECIDA, XELA. REMATOU ASÍ UNHA LOITA XUDICIAL DE DEZ ANOS POR RECUPERAR O SEU NOME.



30. De que localidade luguesa era o xulgado que lle concedeu o cambio de nome?

---

31. Canto anos tardou en conseguir que a chamaran oficialmente Xela?

---

# 16

DARÍO A DIARIO PUBLICOUSE NO ANO 1996 EN EDICIÓNS XERAIS, CON VERSOS DEDICADOS AO SEU FILLO DARÍO. ERA O TERCEIRO LIBRO DA AUTORA. NA FOTO DA PORTADA, REALIZADA POR XULIO XIL, PAI DO NENO, APARECE O PROPIO DARÍO NO MOMENTO DE NACER.



32. En que ano se publicou *Darío a diario*?

---

33. Quen é o autor da foto da portada? Que relación tiña este fotógrafo con Darío?

---

# 17

EN 1999 COMEZA A TRABALLAR COMO PROFESORA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA NO IES TERRA DE XALLAS, EN SANTA COMBA, A CORUÑA. NOS ANOS POSTERIORES PERCORRERÁ OUTROS CENTROS E REMATARÁ A SÚA CARREIRA PROFESIONAL NO IES ÁLVARO CUNQUEIRO DE VIGO.



34. De que materia era profesora Xela?

---

35. En que instituto rematará a súa carreira profesional?

---

XELA FALECEU EN VIGO O 1 DE NOVEMBRO DE 2003, AOS 42 ANOS, DESPOIS DUNHA VIDA INTENSA DEDICADA Á POESÍA, Á TRADUCIÓN, A GALICIA, AO SEU IDIOMA E Á SÚA CULTURA.



36. En que cidade pontevedresa faleceu?

37. A que idade?



**NOME:** \_\_\_\_\_

**CURSO:** \_\_\_\_\_